



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O.U

CEIP de Pedrouzos- Brión.

15865 Pedrouzos-Brión

ceip.pedrouzos@edu.xunta.es

Tfno

981887080

fax

981509965

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdepedrouzos>

PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP de PEDROUZOS-BRIÓN

ELABORACIÓN INICIAL - ANO ESCOLAR 2010/2011



Que se entende por convivencia. Por que son relevantes as normas democráticas de convivencia.

Podemos entender a convivencia como unha situación social na que compartimos a nosa vida cotidiana dentro da aceptación, o respecto mutuo e a solidariedade, tratando de resolver as diferencias por medios non violentos. Nunha comunidade, máis ou menos extensa, como a nosa, isto só o podemos conseguir asumindo unhas normas democráticas comúns de convivencia, daí a relevancia destas normas.

Finalidade do plan de convivencia

Co plan de convivencia preténdese favorecer propostas que axuden a conseguir unha formación dentro dos principios democráticos e melloren as relacións sociais e a cohesión grupal.

Para que se quere un Plan

Interésanos ter un plan de convivencia para concretar a organización e o funcionamento do Centro, canto ás relacións entre o persoal que o integra, establecendo unhas liñas de actuación que favorezan a resolución de conflitos, através da participación e a comunicación, e a prevención de problemas de conduta.

Debemos perceber a convivencia, non só como a aplicación de medidas disciplinarias senón como un dos obxectivos da educación. Trataremos, así, de desenvolver no alumnado valores democráticos e habilidades de comunicación e relación social.

Principais conflitos e alteración de convivencia:

a)Entre o alumnado

- Respetar e compartir espazos e material
- Discriminación entre o alumnado
- Compartir o material privado
- Agresións verbais e/ou físicas (con e sin obxectos)
- Furtos entre nenos/as de material escolar privado
- Abusos e acoso. Descalificación e marxinalidade
- Intolerancia, racismo e xenofobia (ao diferente)
- Discriminación por xénero
- conflitos nas entradas e saídas
- Ameazas, intimidación e acoso
- Conductas disrutivas
- Abandono do centro escolar sen permiso
- Falta de material de traballo reiteradamente
- Intolerancia
- Uso indebido de aparatos electrónico e móbiles
- Danos materias por mal uso ou intencionadamente.



b) Alumnado e profesorado

- Agresións verbais alumnado-profesorado. Faltas de respecto
- Discriminación por orixe familiar, condición social, nacionalidade, idioma,...
- Discriminación por xénero
- Agresión físicas profesorado alumnado e ao revés
- Maltrato psíquico do profesorado ao alumnado
- Acoso
- Uso indebido de móbiles nas aulas
- Furtos

c) Alumnado e pais/nais

- Pais/nais como xuíces da convivencia escolar
- Agresións verbais dos pais/nais ao alumnado
- Falta de respecto do alumnado aos pais/nais (non detectado)
- Intervención dos pais/nais na resolución dos conflitos entre o alumnado no centro e no transporte

d) Pais/nais e profesorado

- Descalificacións públicas pais-profesorado
- Descalificacións no ámbito familiar do profesorado por parte dos pais/nais
- Descalificacións no ámbito profesional dos pais/nais por parte do profesorado
- Agresións verbais ou físicas
- Falta de respecto á vida privada
- Acceso indebido as aulas sen fora do horario de titoría
- Desacordo dos pais/nais coa actuación do profesorado co alumnado (debres, castigos,...)

e) Entre os pais/nais

- Agresións verbais ou físicas
- Descalificacións en presenza do alumnado

f) Entre o profesorado

- Descalificación profesional
- Agresións verbais
- Discriminación por xénero, idade, orixe,...
- Intolerancia
- Distinta implicación persoal e profesional (baixas, substitucións, horarios)
- Envidia profesional (éxito co alumnado, pais/nais, ...)
- Desacordo profesional

g) Co persoal non docente

- conflitos por indefinición de funcións
- Abuso de confianza

h) Profesorado - dirección



- Falta de información da dirección
- Abuso de poder da dirección
- Indiferencia e ausencia de implicación ante os conflitos por parte da dirección
- Deixar toda a responsabilidade na dirección
- Diferencia de trato ou favoritismo co profesorado
- Insolidariedade dirección-profesorado e viceversa

i) Xeral

- Incumprimento do horario de forma non xustificada
- Incumprimento de normas de entrada e saída nas dependencias do centro

j) conflitos no comedor

- Entradas e saídas
- Non respetar o lugar asignado
- Entrar nas aulas no horario do comedor
- Desobediencia do persoal de garda

k) Persoal alleo ao centro

- vixilancias, gravación ou faltas de respecto ao alumnado do centro

Como actuamos habitualmente ante os conflitos de convivencia: grao de implicación do profesorado, familias e alumnado.

- Grao de implicación do profesorado:
 - Conflitos curriculares:
 - Adaptación ao nivel do alumnado
 - Apoio ao máis desfavorecido
 - Outros conflitos:
 - Coñecemento das normas de convivencia e RRI
 - Aplicación do regulamento

Actuación:

■ Entrada ás aulas:

- 1.Os pais nais diríxense á conserxería
- 2.De conserxería acompáñase ao alumnado ata a aula
- 3.Se os pais/nais quixeran dar unha información puntual a un profesor/a, avisarásese dende dirección ao mestre correspondente se fose posible

■ Desacordo actuacións profesorado:

- 1.Pais/nais expoñen o problema ao titor/a
- 2.O titor/a informará ao profesorado implicado
- 3.Se non se resolve, comunícase a dirección
- 4.Dirección falará e intentará solucionar o problema co profesorado implicado
- 5.O titor/a convocará novamente aos pais/nas para tratar as medidas acordadas
- 6.De non haber acordo, o problema pasará á comisión de convivencia (disciplina)



■ Desacordos entre o profesorado:

- 1.A dirección facilitará e tentará un entendemento entre eles
- 2.Informe ao equipo directivo que tentará mediar e adoptar unha solución
- 3.O equipo directivo adopta unha solución e informa aos interesados
- 4.De non acptar acordo, acódese a Comisión de Convivencia (disciplina)

- Grao de implicación dos pais/nais
 - Conflitos curriculares:
 - Non recoñece e acepta as limitacións do alumnado
 - Culpa a falta implicación do profesorado
 - Falta de nivel curricular do centro
 - Conflitos convivencia:
 - Coñecemento das normas de convivencia e rri
 - Culpa das normas do centro
 - Culpa da falta de disciplina
 - Culpa do outro/a
 - Non soe recoñecer a falta do fillo/a
- Grao de implicación do alumnado
 - Conflitos curriculares:
 - Falta de disciplina na aula
 - Hábitos de traballo na casa
 - Conflitos de convivencia:
 - Recoñecemento da falta
 - Culpa do outro/a
 - Coñecemento das normas de convivencia e rri

Cal é a relación entre o centro e as familias e como mellorar a participación e a comunicación na elaboración do Plan de Convivencia e na vida do centro

- Presentación inical xeral do curso escolar
- Presentación das titorías
- Dias de pais/nais
- Notas informativas
- Páxina web
- Titorías virtuais?
- Foros autenticados?
- A través das ANPAS
- Consello Escolar
- Celebracións festivas: Antroido,
- Actividades conxuntas:



Que experiencias existen no centro de mellora da convivencia escolar

- Conferencias
- Convivencias

Que obxectivos se necesitan e se queren acadar co Plan de Convivencia.

● Obxectivos xerais

- Fomentar a practica dos valores cívicos e democráticos (respecto polas demais persoas, respecto polo mobiliario e polos bens comúns, tolerancia crítica, solidariedade, respecto polos dereitos humanos e medio natural, igualdade entre homes e mulleres...)
- Establecer canles e procedementos que faciliten a expresión de tensións e discrepancias, así como a resolución de conflitos de forma non violenta.
- Mellorar o clima escolar (personalización e habitabilidade dos espazos, atmósfera ordenada, tranquila, relacións dentro das aulas, orde, tranquilidade, actitude de traballo, satisfacción...), avanzando cara a unha educación de calidade.
- Atender á diversidade.
- Potenciar a formación de todos os membros da comunidade educativa para que poidan resolver os conflitos de forma tolerante e non violenta.

● Obxectivos para o profesorado

- Coñecer aspectos teóricos básicos da convivencia entre iguais, como as relacións profesor-alumno, a convivencia dentro da interculturalidade, a convivencia na diferenza de género ...
- Implicar o profesorado en procesos de reflexión e actuación que axuden a prevenir conflitos de convivencia nos centros.
- Proporcionar ao profesorado ferramentas prácticas para a detección, a comprensión e a resolución de conflitos de convivencia nos centros.

● Obxectivos para o alumnado

- Sensibilizar o alumnado sobre o papel activo que pode asumir no recoñecemento, prevención e control dos conflitos de convivencia nos centros.
- Establecer un protocolo de actuación claro que permita informar, con confianza, sobre feitos observado, rompendo así a "ley do silencio".
- Desenvolver habilidades de autoprotección e seguridade persoal.
- Favorecer a comunicación e a toma de decisións por consenso.
- Dar a coñecer os dispositivos de axuda existentes no contorno.

● Obxectivos para as familias

- Sensibilizar nais, pais e titores sobre a importancia de prevenir condutas



violentas nos seus fillos.

- Proporcionar ás familias ferramentas para detectar a posíbel implicación dos seus fillos en conflitos e para actuar se é o caso.
- Favorecer a reflexión das familias sobre a importancia do estilo de interacción familiar.
- Informar dos recursos existentes no contorno.

Normas básicas de convivencia que se deben compartir e impulsar

- O alumnado aceptará os consellos e orientacións dos mestres/as e expoñerá con corrección as suxestións e reclamacións que considere convenientes.
- Respetarase o dereito ao estudo e traballo dos demais.
- Manterase unha actitude de respecto, tolerancia, cortesía e colaboración con todos os membros da Comunidade Educativa e coa sociedade en xeral, tendo especialmente en conta:
 - O respecto pola liberdade de conciencia.
 - O respecto pola liberdade de opinión.
 - O respecto polas conviccións relixiosas e morais.
 - O respecto pola diferenza en razón de orixe, raza, sexo ou por calquera circunstancia persoal ou social
 - O respecto pola dignidade, integridade e intimidade de cada persoa.
- Mostrarse unha actitude dialogante e empregarse unha linguaxe respectuosa e correcta, evitando o uso de insultos ou palabras mal soantes, dentro e fóra do recinto escolar.
- O alumnado manterá regularidade e puntualidade na asistencia a todas as actividades do Centro e, se é o caso, xustificará as faltas. Se unha falta de asistencia reiterada non é xustificada, o mestre/a comunicará á xefatura de estudos.
- Cada mestre/a levará un control de faltas de asistencia dos seus alumnos, que reflectirá na aplicación de xestión.
- Os alumnos/as entregarán as comunicacións do Centro aos pais/nais e viceversa.
- No comezo do curso comunicarse o horario e o día de atención a pais/nais de alumnos. As entrevistas entre os pais/nais e mestres/as deben ser concertadas con antelación por ambas partes, poñéndose de acordo na data, en función do tempo preciso para cada entrevista e o número de solicitudes.
- Os pais/nais non deben acceder á aula durante o horario lectivo, nin ás horas de entrada e saída. En caso de necesidade, será o/a conserxe quen avisará ao mestre/a.
- Diante de calquera problema, académico, de conducta ou de outro tipo, o mestre/a



informará ao pai/nai. Estes falarán do problema co titor, en primeiro lugar, e se fora necesario, despois co xefe/a de estudos ou o director/a.

- Manterase unha actitude ordenada e cívica nas entradas, saídas e outros desprazamentos no Centro Escolar.
- Durante o recreo o alumnado permanecerá nos lugares indicados, sen participar ou promover xogos violentos nin actividades perigosas e respectando calquera outra actividade dos compañeiros.
- Se algún alumno/a permanece na aula durante o recreo, será coa autorización expresa e a presenza física de algún mestre/a, que asumirá toda a responsabilidade durante este período de tempo.
- Os días de chuvia, se os alumnos/as non poden saír ao patio, permanecerán cos mestres/as nas aulas.
- Ningún alumno/a abandonará o recinto escolar en horario lectivo salvo previa solicitude do pai/nai dirixida, por escrito ou de forma presencial, ao titor.
- Coidaranse e respectaranse as instalacións e materiais comúns, procurando manter orde e limpeza. Inclúense neste apartado todos os locais visitados e medios de transporte utilizados nas actividades complementarias e extraescolares.
- Respectaranse as pertenzas alleas como as propias, evitando que se deteriores, perdan ou destrúan.
- Todo o alumnado traerá o material necesario para as actividades académicas, coidarao e utilizarao correctamente.
- Coidarase a hixiene, o aseo persoal e a corrección na vestimenta.
- O alumnado absterase de traer ao Centro teléfonos móbiles ou xogos (electrónicos ou de outro tipo) que poidan interromper as clases.
- O alumnado absterase de asistir ao colexio durante os procesos de doenza, ata o total restablecemento. En caso doenza infecciosa (xarampón, piollos ...) os pais deberán asegurarse de que non hai perigo de contaxio cando o alumno/a se reincorpore á aula.
- En caso de accidente dun alumno/a, que precise atención fóra do Centro, procederase da seguinte maneira:
 - O mestre/a responsábel do alumno nese momento informará ao equipo directivo e aos pais do alumno/a.
 - Se o caso é de gravidade, a xuízo do mestre/a responsábel e o equipo directivo, este último, organizará o traslado do accidentado/a ao centro médico.
- Os accidentes que se produzan durante calquera actividade escolar, extraescolar ou complementaria rexistraránse no libro de incidencias do Centro. Daráselle aos pais/nais a debida información.
- En caso de baixa de longa duración, debidamente xustificada, dun alumno/a,



facilitaráselle o traballo escolar que se vaia realizar durante a súa ausencia.

A axeitada convivencia no Centro debe ser condición indispensable para a progresiva maduración dos distintos membros da Comunidade Educativa para a consecución dos obxectivos do PEC

Protocolos de actuación.

- Medidas preventivas:

A principio de curso facilitaráselle aos membros da comunidade educativa de un díptico cos seus dereitos e deberes, as normas de convivencia e as posibles consecuencias ante as alteracións das mesmas.

Ademais para o coñecemento da normativa propónse ao profesorado traballar a normativa e as súas posibles sancións tanto coa súa titoría como cos seus alumnos (especialistas); posibles actividades:

- Discusións sobre os problemas, conflitos e alteracións da orde máis frecuentes.
- Elección das normas de convivencia por parte dos alumnos.
- Debater sobre a importancia da súa existencia.
- Comparar as normas escollidas por eles coas presentes no RRI e discusión sobre as que aparecen e cales non; cales consideran que deben modificarse e porqué. Estas últimas elevaranse ao observatorio de convivencia para a súa discusión e modificación.
- Elaboración dalgún medio que permita ter as normas visibles na aula (collage, cartel...)
- Posible medidas sancionadoras por parte dos nenos.
- Información sobre as establecidas e a súa comparación coas propostas.

Así mesmo recoméndase cando se observan reiteradas accións verbais e/ou físicas que poden dar lugar a conflitos: unha análise da situación, debate e discusión no grupo, xogo de intercambio de roles e recordatorio da normativa.

- Medidas reeducadoras:

Advertencias verbais acompañadas dunha xustificación das mesmas.

Búsqueda de compromisos, sempre que o alumno/a estea disposto que modifiquen as condutas que alteren a norma de convivencia. En caso de non cumprir os compromisos cumpríranse as medidas sancionadoras pertinentes.

Responsabilízalos en posibles faltas cometidas por outros alumnos, equiparables ás propias co fin que participe na reeducación dos outros.

Nas titorías, análise e búsqueda de solucións ou condutas axeitadas a determinadas alteracións da convivencia.

Todas aquelas que se lle poidan ocorrer ao titor/a e/ou persoas responsables

-Medidas sancionadoras.

Na corrección dos membros da comunidade educativa que alteren a convivencia teránse en conta os seguintes criterios:

1. A idade, situación persoal, familiar e social do alumno.
2. A valoración educativa da alteración.
3. O carácter educativo e recuperador, non meramente sancionador da amoestación.
4. A proporcionalidade da corrección.



LEVES

- a) Amoestación verbal ou escrita (comunicación ás familias)
- b) Comparación inmediata ante o xefe/a de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario non lectivo
- d) Realización de tarefas dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou as pertenzas doutros membros da comunidade educativa
- e) Requisaranse aqueles obxectos que os alumnos usen cando non deben durante non máis dunha semana. Se ocorre unha segunda vez terán que vir os pais ou titores a recollelo.
- f) Restitución do material danado ou pago do importe da reparación do dano causado.

GRAVES

- Comparecencia ante o director/a.
- Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro, en horario non lectivo, ou se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou as pertenzas doutros membros da comunidade educativa ou institucións coas que se relacione o centro.
- Suspensión da participación nas actividades extraescolares, culturais ou complementarias do centro, así co dos servizos prestados polo mesmo.
- Suspensión na participación nos servizos complementarios do centro, temporal ou definitivamente.
- Cambio temporal de grupo do alumno.
- En caso de non realizar, sen causa xustificada, a achega de ou para material de uso imprescindible no centro, non se lle entregará o traballo resultante ao alumnado ata que as citadas achegas sexan realizadas.
- En caso de perda ou deterioro dos libros de texto comprométense a adquirir un novo, de non ser así perderá o dereito á gratuidade no vindeiro curso, tal e como se establece na lexislación vixente
- Pago do importe da reparación do dano causado.

MOI GRAVES

- a) Suspensión do dereito de asistencia ao centro, por un prazo determinado, oído o Observatorio da Convivencia e todas as partes implicadas, tal e como se establece na lexislación vixente.
- b) Aquelas outras que determine a lexislación vixente

Iniciativas e actuacións do centro.

Dar a coñecer a toda a comunidade os seus dereitos e deberes, as normas de convivencia e organización do centro.

- Informarase a pais/nais/titores, alumnado, persoal non docente a través de:
 - Un díptico a principio de curso e no caso do novo alumnado no intre de formalizar a matrícula.
 - Na reunión de principio de curso dos mestres aos pais.
 - Por parte do equipo directivo ou o/a responsable das distintas comisións ou equipos aos seus integrantes.

Elaboraranse paneis que lembren as normas de uso dos diferentes espazos e os



comportamentos axeitados neles. Facilitaranse eses paneis aos titores e mestres para que os poidan traballar co seu alumnado antes ou durante as súas primeiras visitas a eses espazos.

Realizaranse ensaios nos que o alumnado poida nos primeiros días de escola, aplicar as explicacións dadas sobre cómo desprazarse aos diversos espazos e cómo utilízalos (especialmente o comedor).

Lugares e tempos.

Considérase fundamental dedicar un tempo ao principio de curso para dar a coñecer as normas básicas de convivencia, as de organización e as medidas a tomar en caso de incumprimento; para iso propónse:

1. Enviar aos pais/nais/titores un díptico a principio de curso no que se reflicta a citada información.
2. Informar aos pais/nais/titores na reunión de principio de curso das normas presentes no citado díptico así como das propias da aula.
3. Lembrar aos pais/nais/titores tanto por parte do titor, como de calquera profesor ou do equipo directivo, as citadas normas e sancións cando se produza algunha alteración da convivencia tanto polo descoñecemento como polo incumprimento das normas.
4. Elaborar unha serie de actividades para dar a coñecer a normativa como as súas posibles sancións ao alumnado. Aínda que estas actividades se realicen fundamentalmente na propia aula e a principio de curso a súa repetición dependerá de se titores ou mestres o consideren oportuno para resolver os conflitos que poidan xurdir ao longo do curso.
5. Expor nos espazos máis significativos un cartel no que se establezan as normas de uso e comportamento nel, explicalo cada comezo do curso e/ou cando se use ese espazo por primeira vez. Tamén se explicará e reelaborará cando se considere preciso lembrar esas normas no caso de que o alumnado pareza que as esqueceu.
6. Plantexar sempre que se prevea ou exista un posible conflito un intre na clase para tentar resolvelo de maneira dialogada.
7. Entregar cada comezo de curso, na sa de profesores, as normas de organización, convivencia e as posibles sancións aos mestres para que as coñezan e apliquen, así como o material preciso para iso.
8. Informarase a cada profesor/a substituto da existencia da citada normativa e daráselle unha copia para que tamén as coñezan e apliquen; o que fará o equipo directivo tras a súa chegada ao centro
9. Informarase e entregarse ao principio de curso ou cando se renove algún dos membros do persoal non docente que realice as súas actividades no centro da normativa existente e das posibles sancións para que a normativa sexa a mesma en todas elas.
10. No mes de xaneiro e co motivo do día escolar da non violencia e da paz, sería un bo momento para organizar actividades que enfaticen a necesidade de resolver os conflitos de maneira pacífica; para elo o centro poñerá a disposición dos mestres todo o preciso.
11. Sería aconsellable realizar polo menos dúas sesións trimestrais para lembrar e traballar as citadas normas, e sempre que o titor ou profesor o considere



conveniente.

Responsables da coordinación e de poñelas en marcha.

Serán responsables coordinar as actividades e estratexias presentes neste documento, así como as relacionadas co tema, os membros do observatorio da convivencia e o equipo directivo.

A súa posta en práctica será levada a cabo por toda a comunidade educativa, especialmente por mestres e encargados de actividades extraescolares sempre dende o establecido na normativa existente.

Recursos.

O centro porá a disposición do observatorio de convivencia os recursos precisos para a realización das actividades e estratexias previstas:

Recursos humanos: o profesorado do centro disposto a colaborar ou se fose preciso algún poñente ou persoa para realizar algunha actividade específica.

Materiais funxibles. Folios, cartolinas, pinturas, fotocopias...

Materiais non funxibles: ordenadores, pantalla dixital...

Espazos: Un lugar nos espazos comúns onde situar as normas de convivencia para o seu uso (comedor, biblioteca, ludoteca, ximnasio, sa de usos múltiples, aulas de informática). O uso dos espazos do centro precisos sempre e cando non estean xa ocupados.

O Observatorio.

Reunirase en setembro antes de dar comezo o curso e a lo menos unha vez por trimestre.

Estratexias para resolver os conflitos pacificamente

- **Unificación de criterios:** É de suma importancia que se unifiquen criterios sobre como desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe. Correspóndelle ao profesor titor, asesorado polo departamento de orientación, a unificación de criterios de actuación de todo o equipo docente, e deste coas familias dos alumnos/sa. As consecuencias das condutas do alumno/a deben ser sempre as mesmas.
- **Consensuar normas de convivencia:** As normas de convivencia deben estar consensuadas por toda a comunidade educativa e o alumnado debe coñecelas e traballar sobre elas (foros de discusión, exercicios de redacción ...).
- **Resposta diante do conflito:** Debemos tentar manter a calma, escoitar activamente, expresarnos con respecto, empatizar coa outra parte no conflito (pais/nais, compañeiros/as ...), analizar o problema, deseñar alternativas, valorar as consecuencias, actuar e avaliar os resultados.
- **Respostas diante dunha conducta disruptiva ou unha crise de furia:**
 - Ignorar as condutas inadecuadas, sen mostrar nin desaprobación, é a mellor maneira de non reforzalas.



- Castigar a conduta inadecuada con algo que non lle resulta agradábel ao alumno/a. Isto non debe converterse en costume porque perdería o seu efecto. Tampouco debemos aplicar o castigo manifestando enfado, en moitos casos isto mostraría ao alumno/a que conseguiu o seu obxectivo.
 - Non marxinar ao suxeito da conduta inadecuada: Os titores/as darán orientacións para que o alumnado tente ignorar as condutas que buscan chamar a atención e trate de integrar ao compañeiro/ con problemas.
 - Proporcionar sinais que susciten unha conduta alternativa axeitada e reforzar esta última.
 - En caso de crise, unha vez pasada, non se debe ceder á chantaxe. É preciso demostrar que coa crise non se conseguiu nada.
- **Medidas de organización da aula:**
 - Podemos sentar ao alumno/a con problemas de conduta perto da mesa do profesor/a para que estea atento.
 - Na mesa do alumno/a só debe estar o material imprescindible para a tarefa escolar, evitando a presenza de obxectos que poidan distraer a súa atención.
 - Debemos promover o traballo en equipo, cooperativo, como estratexia preventiva de condutas conflitivas.
 - Cando sexa posíbel, debemos aproveitar a presenza dun profesor de apoio dentro da aula como unha axuda para a atención á diversidade, evitando que este atenda exclusivamente aos que teñen dificultades, para que non se establezan relacións de dependencia.
 - **Resposta diante de violencia entre iguais:**
 - Facer propostas globais antiviolencia : mellorar o clima da aula con asembleas, consensuar cos alumnos normas de convivencia, traballar de forma cooperativa para superar a competitividade ...
 - Falar coas familias do agresor/ar e do agredido/a para tentar mellorar o estilo educativo familiar e consensuar pautas de actuación.
 - Establecer contratos de conduta co agresor/a, facer que repare o dano causado, sancionar a conduta agresiva, reforzar unha conduta alternativa.
 - Mellorar a confianza en si mesmo do agredido/a: Implicalo/a en traballos de grupo, responsabilizalo/a de actividades da aula.
 - Promover que agredido/a e agresor/a cheguen, pasada a crise, a facer algún traballo conxunto, se é posíbel.
 - Estimular no grupo de clase a actitude de rexeitamento da conduta agresiva.
 - **Mellorar a autoestima:**
 - Estimular a consecución do éxito, valorando o esforzo. Eloxiar cando haxa ocasión.



- Evitar críticas á persoa, centrarse na conduta.
 - Corrixir de xeito construtivo, dando alternativas.
 - Interesarse nas cousas do alumnado.
 - Facerlle comprender que se lle acepta tal e como é.
 - Axudarlle a crear expectativas realistas, nor poñer metas inalcanzábeis.
 - Evitar comparacións con outros.
 - Axudarlle a recoñecer, aceptar e superar as súas dificultades.
- **Contratos de conduta:** Establecer contratos de conduta asinados polo alumno/a, profesor titor/a, e familia, onde se especifique a conduta a mudar e as consecuencias positivas e negativas. Debemos ser realistas e ter en conta que estas mudanzas faranse lenta e progresivamente.
 - **Mediación en conflitos:** As dúas partes enfrontadas, recurren a unha terceira persoa, o mediador/a, para chegar a un acordo. O proceso Seguirá as seguintes fases:
 - Premediación: crear as condicións falando coas dúas partes por separado.
 - Presentación das regras: quen somos e como se vai desenvolver o proceso.
 - Exposición dos feitos, en versión de cada un dos implicados.
 - Análise do conflito.
 - Proposición de solucións, búsqueda de alternativas.
 - Chegar a un acordo sobre que facer, como actuar.
 - Seguimento, verificación e avaliación dos resultados.

CONVIVENCIA E PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO (PEC)

Toda a comunidade educativa fará todo o que estea na súa man para que os obxectivos educativos que se pretenden no PEC se leven a cabo. O Observatorio da Convivencia velará para que ditos obxectivos estean en consonancia co Plan de Convivencia e que ámbolos dous documentos teñan unha coherencia e un proxecto común para conseguir un centro onde a liña educativa busque a consecución dunha comunidade crítica, respetuosa, cooperadora e democrática.

CONVIVENCIA E REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO (RRI)

Un e outro documento están íntimamente relacionados xa que ambos organizan as liñas de actuación en canto ao comportamento de toda a comunidade. Por iso os dous deben estar en coñecemento de todos os membros da mesma para o seu cumprimento.

CONVIVENCIA E ÓRGANOS COLEXIADOS

Os órganos colexiados formarán parte do Observatorio da Convivencia a través



dos seus membros. Asímesmo vehicularanse liñas de comunicación tanto para pedir a súa opinión á hora de modificar algúns dos apartados do proxecto, como para informalos no caso de que sexa preciso algunha actuación en canto ao incumprimento das normas moi grave.

CONVIVENCIA E PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Tal e como se establece nas medidas preventivas e nas iniciativas e actuacións para mellorar a convivencia, considérase que son as titorías un dos intres máis salientables para dar a coñecer e analizar o Plan de Convivencia, lembralo, regularizar o seu recordatorio para o cumprimento da normativa e discutir e levar a cabo, no caso das faltas leves, as amonestacións pertinentes.

Para a súa consecución acordábase que os titores e o resto do profesorado o puxesen en coñecemento e o traballasen, tanto cos alumnos coma cos seus pais/nais ou titores, a principio de curso e sempre que as circunstancias o consideren preciso.

CONVIVENCIA E EQUIPO DIRECTIVO

O equipo directivo velará pola realización das actividades programadas dentro do Plan de Convivencia do Centro, resolvendo os conflitos escolares e impoñendo as sancións que correspondan aos alumnos/as sin prexuício das competencias atribuídas directamente ao profesorado e as que están reservadas ao Consello Escolar.

Tamén terá competencia para decidir a incoación e a resolución do procedemento sancionador así como para supervisar o cumprimento efectivo das sancións.

CONVIVENCIA E SERVICIOS DE ORIENTACIÓN

De acordo co establecido no Decreto 120/1998 e na Orde do 24 de xullo de 1998, ambos referidos á orientación, o Plan de Acción Titorial (PAT) e o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) están estruturalmente relacionados co Plan de Orientación (PO) de cada centro, de xeito que existen unha série de interaccións entre eles e calquera modificación nun destes plans repercutirá nos outros. O Plan de convivencia supón unha nova achega a esa estrutura, polo que se fai necesaria unha revisión total da mesma co fin de procurar unha complementariedade evitando interferencias.

A acción titorial está intimamente relacionada co labor do departamento de orientación en puntos como:

- Información sobre o alumnado que presenta desaxustes no seu comportamento, incluído o rendemento académico.
- Colaboración nos programas previstos para cada nivel e ciclo; especialmente nas medidas de atención á diversidade (alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, alumnado inmigrante, alumnado en situación de desvantaxe sociocultural...).
- Disposición para atender e orientar as diferentes inquedanzas do alumnado.
- Asesoramento ás familias sobre o seu papel no proceso de maduración e desenvolvemento dos seus fillos e das súas fillas.



- Colaboración no deseño e desenvolvemento dalgún programa facilitador da detección precoz de dificultades de convivencia e de relación.

O departamento de orientación, desde o coñecemento do perfil escolar do alumno/a, dirixe as actuacións específicas para abordar os seus problemas coa implicación de pais/nais, profesores/as, titores/as e equipo directivo.

A IMPORTANCIA DO TRABALLO COOPERATIVO

Como todo documento que busca a mellora de hábitos e a consecución dunha conduta axeitada, así como da presenza de valores democráticos, de respecto, colaboración, crítica e diálogo implica unha modificación máis ou menos profunda de actitudes, valores e normas de actuación. Esa modificación esixe de todos unha participación significativa, voluntaria e consecuente, o que só será posible se todos traballamos en equipo e non hai imposicións duns e doutros membros da comunidade educativa. Xa que o traballo en equipo repercute:

- Sobre o benestar individual e colectivo.
- Propicia a coherencia na aplicación (PEC, PCC, RRI, Plan de Convivencia).
- Dá posibilidade de obxectivar, é dicir, de tomar a distancia precisa para analizar e positivizar a intervención.
- Fai que todos compartamos responsabilidades.

CONVIVENCIA E FAMILIAS

As familias constitúen un dos pilares nos que se debe asentar a consecución do Plan de Convivencia ao ser unha parte fundamental e imprescindible da nosa comunidade.

Para a súa participación as familias dispoñen de dúas liñas de actuación:

- Por un lado coa súa presenza no Observatorio de Convivencia a través dun dos/das seus/súas representantes.
- Por outro a través da súa relación co titor/a dos seus/súas fillos/as que será, xunto co equipo directivo se é preciso, quen as faga coñecedoras de dito Plan, das normas de convivencia do centro e da aula, así como das consecuencias do seu incumprimento e das vías para a súa consecución.

Será a través deles como se farán escoitar ante o Observatorio e cando haxa unha posible revisión do Plan as súas achegas, críticas e comentarios serán tomados en consideración.

CONVIVENCIA E INSPECCIÓN EDUCATIVA

Á inspección educativa faráselle partícipe do Plan de Convivencia coa súa incorporación ao principio de curso (PXA) coma no final (Memoria) do documento, así como das posibles modificacións. Ademáis dun resumo das actuacións do Observatorio e os partes de incidencias graves porque poidan ser tidos en consideración.

A CONVIVENCIA NAS AULAS



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O.U

CEIP de Pedrouzos- Brión.

15865 Pedrouzos-Brión

ceip.pedrouzos@edu.xunta.es

Tfno

981887080

fax

981509965

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdepedrouzos>

É na aula onde se presentan os maiores problemas de convivencia e por iso debe ser un espazo prioritario de actuación dentro do Plan. Isto queda reflectido tanto nas actividades preventivas e de amonestación explicitadas nos apartados anteriores como na importancia dada no Plan de Convivencia á implicación de toda a comunidade e ao traballo en equipo, así como nas actividades que se propoñen aos titores tanto ao principio de curso como durante o seu transcurso.

PARTES DE INCIDENCIAS, DE AMOESTACIÓN, EXPEDIENTE DISCIPLINARIO:



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O.U

CEIP de Pedrouzos- Brión.

15865 Pedrouzos-Brión

ceip.pedrouzos@edu.xunta.es

Tfno

981887080

fax

981509965

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdepedrouzos>

PARTE DE INCIDENCIAS(*)

Falta leve

ALUMNO/A:

PROFESOR/A - COIDADOR/A:

DATA:

LUGAR DO INCIDENTE:

OUTROS IMPLICADOS/AS:

DESCRIPCIÓN DOS FEITOS

COMPROMISO DE CAMBIO (só para o alumno/a)

(*) A cubrir polo/a 1 polo adulto responsable e outro polo alumno/a afectado

Sinatura do alumno

Sinatura do titor/coidador



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O.U

CEIP de Pedrouzos- Brión.

15865 Pedrouzos-Brión

ceip.pedrouzos@edu.xunta.es

Tfno

981887080

fax

981509965

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdepedrouzos>

- PARTE DE INCIDENCIAS(*)
- (2ª falta leve)

ALUMNO/A:

DATA:

LUGAR DO INCIDENTE:

OUTROS IMPLICADOS/AS:

DESCRIPCIÓN DOS FEITOS

COMPROMISO DE CAMBIO (só para o alumno/a)

(*) A cubrir polo/a 1 polo adulto responsable e outro polo alumno/a afectado

Sinatura do alumno

Sinatura dos pais



Abrirase un libro de rexistro de incidencias no que constará a data, un nº de entrada, quen abre a incidencia e o asunto.

O libro será custodiado na dirección que se encargará ademáis de rexistrar as incidencias.

Haberá unha carpeta de rexistro de incidencias, na que se custodiarán os partes abertos, correspondendo a cada incidente un único número de rexistro, pero indicando o número de partes asociados.

EQUIPOS DE MEDIACIÓN E TRATAMENTO DOS CONFLICTOS

Os centros escolares teñen unha función educativa. Por este motivo é necesario arbitrar medidas de tipo preventivo que eviten chegar a situacións nas que as sancións parezan o único recurso para conseguir a corrección das condutas inadecuadas.

Tales medidas estarán encadradas no marco da acción orientativa e de titoría e irán encamiñadas a:

- Consensuar as normas de funcionamento na clase e no colexio.
- Adquirir estratexias de resolución de conflitos.
- Potenciar a capacidade individual de asumir reponsabilidades relacionadas coa convivencia.
- Facilitar que cada neno e nena se sinta ben acollido/a no grupo de iguais.

As faltas serán sancionadas proporcionalmente á súa gravidade do seguinte xeito:

Faltas leves (alumnado)

1º O mestre/a responsable dese alumno/a no momento de producirse o conflito intentará corrixir esa conduta contraria ás normas de convivencia cunha amoestación verbal ou outras estratexias que non constitúan parte escrito.

No caso de que o conflito xurda en horario de comedor, a persoa encargada do alumno/a nese momento actuará do mesmo xeito.

2º Si persiste esa mala conduta, cubrirase un parte de incidencias polo alumnado e outro polo profesor/coidador/a que se entregará unha copia ao titor do alumno/a ou a dirección si o problema xurde en horario de comedor, e os orixinais pasarán ao rexistro de incidencias na dirección

3º No caso dunha segunda falta leve cubrirase o parte de incidencias por parte do alumnado e o profesorado, remitindo unha copia aos pais do alumnado para o seu coñecemento e que devolvan asinados. Pasando ao rexistro de incidencias na dirección.

Tres faltas leves equivalen a unha grave

Faltas graves (alumnado)

1º O profesor/coidador/a cubrirá un parte de incidencias que entrega ao titor/a

2º O titor intervén verbalmente co alumno/a e, a continuación, entrégalle un parte de faltas de conduta que deberá cubrir fóra de horas de clase (horario de recreo, despois do comedor, ...)

3º Gramparanse os 2 partes, o do profesor e o do alumno entregándoas á dirección para unha reunión alumnado-titor-dirección



4º.- Inviaranse os informes para a familia que devolverá firmados . Os informes pasarán ao rexistro xeral de incidencias.

4º O titor concerta unha cita cos pais/titores do alumno para informar e valorar a forma de actuar

Dúas faltas graves equivalen a unha falta moi grave.

Faltas moi graves (alumnado)

1ºA dirección e o titor/a do alumno elaborarán un informe para o Observatorio de Convivencia Escolar, que terá en conta todos os informes previos se existisen sobre as incidencias do alumno/a.

2º O observatorio de Convivencia tomará as decisións oportunas incluída a de elevar as propostas de sancións ao Consello Escolar do Centro.

Tendo en conta todo isto:

1. As correccións deben ter un carácter educativo e recuperador.
2. Non poderán impoñerse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumno/a.
3. A imposición das correccións previstas respectarán a proporcionalidade coas condutas non permitidas en que incorrera o alumno/a e deberán contribuír á mellora do seu proceso educativo.
4. Os órganos competentes para a instrución do expediente ou para imposición de correccións deberán ter en conta a idade do alumno ou alumna, tanto no momento de decidir a súa incoación ou o sobresemento coma a efectos de graduar a aplicación da sanción cando proceda.
5. Teranse en conta as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumno ou alumna antes de resolver o procedemento corrector. A estes efectos, poderanse solicitar os informes que se estimen necesarios sobre as aludidas circunstancias.
6. Calquer persoa que individual ou colectivamente cause danos de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións do centro ou o seu material quedan obrigados a reparar os danos causados ou facerse cargo do custo económico da súa reparación. Igualmente, os alumnos e/ou alumnas que substraesen bens do centro deberán restituír o substraído. En todo caso, o pai e nai ou representantes legais serán os responsables civís nos términos previstos nas leis.
7. Considérase mobiliario do centro o correspondente ós autobuses escolares, polo que é de aplicación o artigo anterior.
8. Tamén se considera a tódolos efectos material do centro o material dos lugares obxecto de visitas escolares.
9. Cada alumna e/ou alumno que o precise ten dereito a unha praza no autobús escolar que se lle asigne e non poderá facer uso de ningún outro sen a debida



autorización.

10. Por ser un lugar de alto risco, non se permite que ningún alumno vaia de pé e fóra do lugar asignado.
11. O condutor/a do autobús e o monitor/a do mesmo son as persoas responsables do mesmo e, polo tanto, deben ser respectadas e obedecidas polo alumnado nais/pais, profesorado e demais persoal ó servizo do centro educativo, de acordo ás normas xerais de conduta e convivencia.
12. O condutor/a do autobús, así como o monitor/a, están obrigados a respectar ó alumnado, nais e pais, profesorado e demais persoal ó servizo do centro educativo de acordo as normas xerais de conduta e convivencia.
13. O condutor do autobús non pode iniciar a marcha mentres o alumnado non estea totalmente sentado no seu asento.
14. A falta a clase de modo reiterado pode provocar a imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais da avaliación e da propia avaliación continua.
15. Activarase e manterase actualizado o protocolo de todo o alumnado con alerxias específicas e/ou problemáticas físicas e/ou de saúde especiais.
16. Nos casos en que se detecte absentismo escolar, iniciarásese o protocolo establecido ó efecto.
17. A efectos da gradación das correccións consideraranse:
 - 17.1. Circunstancias paliativas:
 - ✓ O recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta.
 - ✓ A falta de intencionalidade.
 - 17.1 . Circunstancias acentuantes:
 - ✓ A premeditación e a reiteración.
 - ✓ Causar dano, inxuria ou ofensa ós/ás compañeiros/as de menor idade ou ós/ás recién incorporados/as ó Centro.
 - ✓ Calquera acto que atente contra os dereitos de non discriminación por razón de raza, sexo, nivel social, convicións políticas, morais ou relixiosas etc.
1. Poderán corrixirse os actos contrarios ás normas de convivencia do Centro realizados polos alumnos e alumnas no recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares. Igualmente, poderán corrixirse as actuacións do alumno/a que, aínda que fosen realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten ós seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa.
2. O Consello Escolar do Centro supervisará o cumprimento efectivo das correccións nos términos que se impoñan.
3. As condutas contrarias ás normas de convivencia no centro prescribirán no prazo dun mes, contado a partires da data da súa comisión. As correccións impostas



prescribirán ó finaliza-lo curso escolar.

4. A nai e/ou pai ou representantes legais do alumno/a poderán presentar unha reclamación no prazo de corenta e oito horas contra as correccións impostas, perante o Delegado provincial.

Antes de convocar o Observatorio de convivencia será informado/a o titor/a.

Faltas leves, graves e moi graves (Persoas adultas: persoal docente e non docente, pais/nais)

1º Procurarase solucionar os conflitos entre os afectados e se algunha das partes non se da por satisfeita farase o informe respectivo que gardará no rexistro xeral de incidencias e intervira a dirección do centro.

2.-Cando se da unha segunda incidencia leve abriase os informes necesarioe por parte dos afectados e farase unha reunión coa dirección do centro. Os informes pasarán a gardarse no rexistro xeral de incidencias. De non existir unha resolución para o conflito a dirección podería solicitar a intervención da Comisión de Convivencia.

3º Dúas incidencias leves poderían equivaler a unha incidencia grave. A incidencia grave tratariase de resolver coa dirección do centro. De non haber acordos, pasaría a comisión de convivencia.

4ª Dúas incidencias graves ou un falta considerada como moi grave pasará directamente á comisión de convivencia.

OBRADOIROS DE APRENDIZAXE DA CONVIVENCIA

- Na programación anual , cada titor deberá reflectir a forma de traballar o tema de Prevención e resolución de conflitos adicándolle alomenos unha sesión quincenal.
- Elaborar unhas normas consensuadas para unha boa convivencia a nivel de aula.
- Facer extensibles as normas anteriores para a súa aplicación a nivel de colexio
- A nivel de Ciclo programar actividades conxuntas para que os alumnos/as aprendan a compartir espazos e vivencias dun xeito respetuoso.
- Impulsar o xogo colectivo, non sexista e non competitivo tanto a nivel de grupo-aula coma entre distintos grupos-aulas e en gran grupo(patio, ximnasio, polideportivo, ...)

CONVIVENCIA E FORMACIÓN DO PROFESORADO

Para abordar a educación para a convivencia co noso alumnado é necesario considerar:

- O profesorado ten que coñecer as características evolutivas grupales e individuais do alumnado



- Propoñer actividades que inviten a participar, a reflexionar e a tomar decisións valorando a capacidade de ensaiar e de errar coma parte da aprendizaxe
- Necesidade de cursos de formación encamiñados a traballar por proxectos. Esta maneira de traballar xera situacións que poden derivar en conflitos e invitan a reflexionar sobre cómo solucionarlos para que o clima de traballo sexa agradable e produtivo

CONVIVENCIA E INNOVACIÓN EDUCATIVA

A actuación pedagóxica basearase na potenciación de actitudes e de habilidades que nos leven á creación dunhas formas de actuar máis saudables:

- Saber escoitar
- Reflexionar sobre os propios actos e as súas consecuencias
- Ofrecer alternativas aos problemas
- Ser capaces de expresar sentimentos
- Ofrecer modelos que conduzan a evitar linguaxes despectivas, empregando aquelas formas que corrixan en positivo
- De cara ao alumnado “especial”(por ex. con necesidades educativas especiais) promover accións e reflexións encamiñadas á solidariedade e axuda mutua para que se poida desenvolver unha inclusión natural no grupo de iguais e así incorporar a estes nenos/as no conxunto de relacións positivas na vida cotiá tanto escolar coma social.

Unha proposta metodolóxica a desenvolver en gran grupo sería programar sesións quincenais para facer actividades coma:

- Puzles con imaxe e texto de resolución de conflitos
- Películas de temática moral
- Xogo da oca con tarefas de equipo
- Escribir contos (contos desplegable de escritura cooperativa)
- Lectura compartida(contos esparcidos nun gran espazo como por ex. unha alfombra)
- Contacontos por parte de persoas doutras culturas (familiares dos nenos/as ou outras persoas)
- Marcapáxinas emocionais
- Talleres de xogos cooperativos
- Ludoteca (traballo en equipo)

En xeral, trátase de ir introducindo actividades innovadoras que rompan esquemas estereotipados, que creen conflitos e interese por aprender. Moitas veces descoñecemos o tipo de respostas que poden ter os alumnos/as ante situacións que, por consideralas non útiles ou non posibles, nin siquiera se plantexaron.



Na elaboración destas actividades estaría implicado todo o profesorado. Despois haberá unha posta en común para presentalas a todo o profesorado e poder discutilas e realizar as modificacións que se considere oportuno. Unha vez consensuadas levaríanse a cabo na xornada fixada no programa.

E así se actuaría nas demais xornadas.

O CURRÍCULO DA NON VIOLENCIA E A EDUCACION PARA A CONVIVENCIA.

Dentro do currículo de cada nivel educativo no centro contemplaranse contidos relacionados coa non violencia, respetando e cumprindo as normas de convivencia e traballaranse actividades de forma sinxela axeitada a cada nivel educativo.

O centro educativo desenvolverá unha proposta de educación orientada á formación integral do alumno dentro da aula e baseada en catros aspectos importantes da convivencia:

- 1-Autonomía e autoafirmación
- 2- Resolución no violenta de conflitos
- 3-Tolerancia
- 4- Solidariedade

Obxectivos

1.- Autonomía e autoafirmación:

- Afianzar nos alumnos a capacidade de elección e toma de decisións propias, desenvolvendo o espírito crítico e reflexivo.
- Descubrir as capacidades e limitacións persoais para favorecer o intercambio e a convivencia.
- Desenvolver conductas de socialización.
- Aprender a descubrir o mellor de cada un para lograr a autoconfianza e a autoestima.

2.- Resolución no violenta de conflitos:

- Promover o diálogo e desenvolver técnicas para alcanzar o consenso.

3.- Tolerancia:

- Conseguir a aceptación da diversidade e a non discriminación.
- Avanzar en adquirir pautas de traballo en equipo.
- Coñecer e respetar os Dereitos Humanos

4.- Solidariedade:

- Potenciar a empatía para facer fronte a indiferencia.
- Analizar conductas sociais que determinan a marxinação e poñer en marcha alternativas.



-Asumir compromiso de revisar e mellorar actitudes e valores.

Contidos

CONCEPTOS:

- Pautas para o logro do consenso.
- Características do traballo en equipo.
- Contidos dos Dereitos Humanos e Dereitos do Neno.

PROCEDEMENTOS:

- Realización de murais por grupos onde se traballen distintas características culturais e lingüísticas que diferencian cada raza humana do mundo.
- Realización de dinámicas de grupos: xogos en equipo para debatir temas propostos na clase, Dereitos Humanos , diálogos con diferentes opinións para impulsar a autocrítica e reflexión.
- Establecemento entre todos os alumnos/as de solucións non violentas a algúns dos problemas que máis afectan á marcha da clase.
- Realización de xogos e dinámicas que impliquen a interrelación de todos os alumnos/as da clase e favorezan a súa proximidade e contacto.

ACTITUDES:

- Interés por traballar en equipo.
- Capacidade para manter un diálogo: escoitar, comprender e comunicar.
- Descubrimento das capacidades persoais: a autoestima.
- Aceptación no grupo de todos os membros e a non marxinação.
- Toma de conciencia da importancia de reflexionar e analizar as opinións dos demais e saber respetalas e despois expoñer as nosas opinións.

METODOLOXÍA

Todas as actividades propostas desenvolveranse con carácter activo e dinámico na aula, potenciando a creatividade e as capacidades dos alumnos/as de todo tipo de traballo proposto polos titores e demais profesores.

As técnicas máis usuais que se podería traballar como referencia serían: a plástica(debuxo, manualidades ...), a expresión escrita e oral(debates), traballo en grupo, actividades colectivas e individuais.

RECURSOS

Os materias de apoio a estas actividades propostas serán todas as instalacións e recursos que ten o centro a disposición de todos os membros da comunidade educativa



recollido no PEC.

AVALIACIÓN

A avaliación será continua e persoal, na medida que cada profesor avaliará mediante a observación, actitudes e comportamentos de cada alumno durante todo o curso escolar.

Sería interesante facer unha valoración a través do observatorio de convivencia , realizando unha análise das incidencias que se manifestaron ao longo do curso, si se mellorou o comportamento , en xeral, do alumnado con respecto á educación da non violencia e a convivencia.

O FOMENTO DA EDUCACIÓN E A CULTURA DA PAZ.

A educación débese fomentar a través de toda a comunidade educativa. Transmitiremos valores de respecto, tolerancia e solidariedade nas situacións cotiás da convivencia diaria escolar.

A educación neste centro haberá que fomentala ,difundindo e promovendo a cultura da paz en toda a comunidade educativa.Para a súa difusión se elaborarán materiais didácticos co fin de educar aos alumnos na súa formación integral como persoas.

Haberá tamén propostas de medidas e asesoramento de administracións educativas, organismos e institucións que permitan ao centro poder desenvolver esta labor nas aulas.

Tanto a cultura de paz coma os Dereitos Humanos son conmemoracións que se deberían manifestar ao longo de todo o curso escolar, xa que é a formación dunha cultura de paz fomentando a cooperación e a solidariedade entre todas as persoas; é un dos eixos principais que guía a educación en valores; aínda que todos os días o profesorado e alumnado do centro traballase para superar as dificultades que a vida actual impón á convivencia .

Estas datas de conmemoracións serven para reflexionar e traballar aspectos importantes da educación como promover o respecto a todo ser humano; os dereitos humanos e a cultura da paz son complementarias, onde a violencia non hai psoibilidade de garantir os dereitos humanos.Ao mesmo tempo que sen dereitos humanos non pode haber cultura de paz.

TRANSVERSALIDADE E CONVIVENCIA

A convivencia escolar levarase a cabo en todas as materias educativas e se traballará nos temas transversais onde se profundizará con actividades programadas xa ao principio de curso.

Serán nos temas transversais do currículo onde máis se incidan, sobre todo , nas datas do calendario escolar contempladas no PXA.



PROTOCOLO DE DETECCIÓN DO ACOSO ESCOLAR

É imprescindible diferenciar claramente outro tipo de manifestacións violentas dos casos de verdadeiro acoso escolar. Podemos considerar que hai acoso escolar cando:

- Existe unha conduta agresiva con intención de facer dano.
- Esa conduta é habitual, persistente e sistemática.
- O agresor ou agresora é máis forte.
- A vítima non provoca e non pode ou non sabe defenderse.

O acoso escolar pode presentar baixo diferentes formas de maltrato:

- Maltrato Físico:
 - Directo: dar patadas, puñadas, agredir con obxectos ...
 - Indirecto: roubar ou agochar obxectos persoais ...
- Maltrato Verbal:
 - Directo: burlarse, insultar, poñer alcumes ...
 - Indirecto: falar mal da vítima, escribir no encerado ou paredes, enviar mensaxes de móbil ...
- Maltrato Relacional:
 - Directo: exclusión de actividades, impedir a participación ...
 - Indirecto: deixar á vítima soa, facer parellas ou grupos sen contar con ella ...

Como detectar un posible caso de acoso escolar desde a perspectiva do alumnado

- Es unha persoa maltratada se algunhas persoas che fan algunhas destas cousas de xeito repetido:
 - Insultante ou búrlanse constantemente de ti.
 - Falan mal de ti ou difunden rumores falsos sobre a túa persoa.
 - Empúrrante, péganche ou ameázante fisicamente.
 - Escóndenche, rómpenche ou róubanche cousas de forma continuada.
 - Ignórate ou desprézante.
 - Rexéitante en calquera circunstancia e por calquera motivo.
 - Non che deixan participar nas actividades do grupo.
 - Obrígante a facer cousas que ti non queres.
 - Acósante sexualmente.

Ti non tes culpa do que che está pasando e é lóxico que te sintas mal. De feito, iso é o que queren as persoas que te maltratan. Non podes facer como se non pasara nada. Pide axuda para afrontar esa situación e saír dela.



- Es unha persoa que maltrata cando con frecuencia:
 - Insultas, falas mal e difundes rumores falsos dos teus compañeiros e compañeiras.
 - Te identificas con situacións de intimidación e violencia cara ás demais persoas.
 - Estás meténdote de forma continuada cos teus compañeiros e compañeiras e actúas normalmente con violencia nas túas relacións cos demais.
 - Molestas e incomodas a aquelas persoas que teñen algunha particularidade ou unha aparencia física diferenciada.
 - Obrigas aos demais a facer cousas que non queren.
 - Rexeitas ou non deixas participar a outras persoas en actividades do grupo.
 - Desfrutas coa intimidación e co maltrato ás outras persoas.
 - Acosas sexualmente.

As relacións cos iguais teñen que estar presididas polo respecto mutuo. É preciso que, se es unha persoa que maltrata, recapacites e cambies de actitude. Non sigas polo mesmo camiño. Tes un problema que irá a máis. Non serás feliz.

- Es unha persoa espectadora do maltrato cando, con frecuencia:
 - Asistes a un acto de intimidación e non fas nada para evitalo.
 - Non recoñeces que o que lle están facendo á vítima non está ben e pensas que ten merecido o que lle pasa.
 - Tes medo a actuar na defensa da persoa maltratada. Cres que mentres se metan con ela non se meterán contigo.
 - Incluso chegas a participar ou animar na situación de abuso con risas, xestos, etc.

Se é así, debes ter en conta que se non actúas e non dis nada, colaboras indirectamente na situación de maltrato. Sé valente. Recoñece que es unha persoa espectadora e que non estás a actuar axeitadamente. Acaba con esa situación e axuda.

Como detectar un posible caso de acoso escolar desde a perspectiva da familia

- Mudanzas no estado de ánimo: O rapaz/a parece triste e decaído con frecuencia, manifesta unha alta ansiedade e inseguridade?
- Mudanzas no comportamento: parece extraño e fuxidío, distraído, absorto nos seus pensamentos, esquece as cousas e asústase por nada?
- Nervios: está con frecuencia nervioso, ten medos nocturnos, falta de sono, tics, irritabilidade, falta de appetite, etc.?
- Comeza a non querer ir ao colexio? Pon desculpas (dor de cabeza, de estómago, vómitos) para non asistir ás clases ou cando está nelas reclama que o vaian



recoller?

- Golpes no corpo: Presenta negróns ou feridas?
- Comenta que recibe insultos ou burlas no colexio ou que falan mal del ou dela?
- Chega á casa coa roupa, cos libros ou con outra pertenza estragados ou rotos, ou fáltanlle con frecuencia obxectos persoais ou diñeiro ?
- Cambia de percorrido para ir ao centro escolar ou o de volta á casa, ou evita ir a determinados lugares?
- Está baixando visiblemente o seu rendemento escolar?
- Non se relaciona con outros nenos/as, non ten amigos para o seu tempo de lecer?
- Comeza a agredir ou a ameazar aos seus irmáns ou ás súas irmás ou a outras persoas?

Como detectar un posible caso de acoso escolar desde a perspectiva dos titores/as escolares

- Mudanzas no estado de ánimo: O rapaz/a parece triste e decaído con frecuencia, manifesta unha alta ansiedade e inseguridade?
- Mudanzas no comportamento: parece extraño e fuxidío, distraído, absorto nos seus pensamentos, esquece as cousas e asústase por nada ou está especialmente irritable?
- Falta con frecuencia á escola? Pon desculpas (dor de cabeza, de estómago, vómitos) para que o vaian recoller?
- Golpes no corpo: Presenta negróns ou feridas?
- Comenta que recibe insultos ou burlas ou que falan mal del ou dela?
- Chega á clase coa roupa, cos libros ou con outra pertenza estragados ou rotos, ou fáltanlle con frecuencia obxectos persoais ou diñeiro?
- Evita ir a determinados lugares como o patio ...?
- Está baixando visiblemente o seu rendemento escolar?
- Non se relaciona con outros nenos/as, non ten amigos para o seu tempo de lecer?
- Comeza a agredir ou a ameazar a outros nenos ou nenas?

O titor/a, ademáis do aseroramento do departamento de orientación, conta coa axuda de recursos como:

- Cuestionarios para os alumnos e para as familias.
- Sociogramas.
- Entrevistas individuais cos alumnos.
- Entrevistas coas familias.